



**C O N C E L L O**  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

**PROVIDENCIA LOTES**

**ASUNTO:** Reparación de camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso (AB-1234)

**PLAN:** POS + 2019

**PROCEDEMENTO:** Contratación por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

**Código da obra:** 2019.2200.0302.0

**Numero expediente:** 2020/C003/000011

**Número de decreto:** 2020/G003/000177

**Antecedentes:**

- a) Vista memoria xustificativa da necesidade de contratación da obra de **Reparación de camiño de Vilar a Cancela-Igrexa, Folgoso (AB-1234)**
- b) Visto o informe xustificativo de carecer de medios para executar este contrato.
- c) Visto o informe xustificativo de non división en lotes
- d) Vista a proposta do servizo de contratación para este contrato
- d) Vistas as características do contrato:

<b>Tipo de contrato:</b> contrato de obras	
<b>Obxecto do contrato:</b> Reparación de camiño de Vilar a Cancela – Igrexa, Folgoso (AB-1234)	
<b>Procedemento de contratación:</b> aberto simplificado	<b>Tramitación:</b> Ordinario
<b>Código CPV:</b> 45233142-6	traballos de reparación de estradas
<b>Valor estimado do contrato:</b> 37.734,93.-	
<b>Orzamento base de licitación IVE excluído:</b> 37.734,93.-	<b>IVE 21%:</b> 7.924,33 .-
<b>Orzamento base de licitación IVE incluído:</b> 45.659,26 .-	
<b>Duración da execución:</b> 30 días naturais	

**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei de 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspa ao ordenamento



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<http://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
A B E G O N D O  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).
- O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

### CONSIDERACIÓNS :

1º.- Vistos os informes existentes no expediente e de conformidade có establecido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspa ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, este servizo considera motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

a) Dificulta a correcta execución do contrato dende o punto de vista técnico, xustificada en que:

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen sustantividade propia de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta.

b) Parece necesario para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que:

- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a optimización do control da execución global do contrato.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a coordinación da execución das prestacións.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato increméntanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdese a eficiencia

2º.-Examinada a documentación que se acompaña e de conformidade co que preceptúan os artigos 21.1) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como o Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspa ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **RESOLVO**

Non dividir en lotes o obxecto do contrato con base do informe dos servizos de obras e urbanismo.

O que resolve e asina, ante min, o secretario da Corporación.  
Abegondo, na data que figura na marxe

O alcalde  
José Antonio Santiso Miramontes

O Secretario  
Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.